

Plan para a recuperación da materia de Música de 3º ESO

Aqueles alumnos que teñan a materia de Música 3º ESO pendente deberán realizar unhas fichas de traballo para as que a profesora responsable proporcionará a axuda necesaria se for preciso.

Realizaranse un total de 3 fichas trimestrais.

A dinámica de traballo será a mesma para todas elas.

Consistirá na audición e análise dunha obra musical correspondente aos diferentes períodos da música clásica occidental.

1º TRIMESTRE

-Análise comparativo de canto gregoriano e canto trovadoresco (música medieval)

-Análise dunha peza polifónica renacentista (relixiosa ou profana)

Análise dun movemento de concerto (Barroco)

PRAZO DE ENTREGA:

Os exercicios deberán ser entregados á volta das vacacións de Nadal, na primeira semana de clase.

2º TRIMESTRE

-Análise dunha peza vocal operística (Barroco)

-Análise dun fragmento dunha sinfonía (Clasicismo)

-Análise dunha peza breve para piano (Romanticismo)

PRAZO DE ENTREGA:

Os exercicios deberán ser entregados á volta das vacacións de Semana Santa, na primeira semana de clase.

En cada unha das obras se lles explicará cal é o obxectivo da actividade e qué aspectos deberían comentar .Dependerá , en cada caso , das características da estética musical correspondente.

A modo de exemplo:

No canto gregoriano, o alumno debería falar da textura, ritmo, estilos de canto (silábico, melismático...), lingua empregada, puntos de inflexión ou seccións diferenciadas na peza se as houber, contorno melódico, ámbito,entre outras.

NOTA:

En caso de non seren entregadas as tarefas encomendadas en tempo e forma, o alumno/a deberá presentarse a unha proba final onde tería que realizar un exercicio de características moi similares aos entregados pero nesta ocasión concorrería con toda a materia.

A xefa do departamento de Música

Pontevedra, a 19 de Novembro de 2018